

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE PROMOCIÓN

(ADDENDA Á PROGRAMACIÓN)

CURSO 2021/22

Índice

<u>1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.....</u>	<u>3</u>
<u>1.1. Alumnado coa materia suspensa despois da 3º avaliación parcial.....</u>	<u>3</u>
<u>1.2. Alumnado coa materia superada.....</u>	<u>3</u>
<u>2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA A ESO.....</u>	<u>3</u>
<u>2.1. Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación.....</u>	<u>3</u>
<u>2.2. Procedemento para acadar a nota final.....</u>	<u>4</u>
<u>2.3. Procedemento para a recuperación da materia suspensa.....</u>	<u>4</u>
<u>3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA O BACHARELATO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.....</u>	<u>5</u>
<u>3.1. Alumnado coa materia suspensa despois da 3º avaliación parcial.....</u>	<u>5</u>
<u>3.2. Alumnado coa materia superada.....</u>	<u>5</u>
<u>4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O 1º CURSO DE BACHARELATO.....</u>	<u>5</u>
<u>4.1. Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial.....</u>	<u>5</u>
<u>4.2. Procedemento para acadar a nota final (1º Bacharelato).....</u>	<u>6</u>
<u>4.3. Procedemento para a recuperación da materia suspensa.....</u>	<u>6</u>

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS.

CURSO 2021/2022

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.

Como se indica na Orde de Avaliación do 25 de xaneiro do 2022, despois das tres avaliacións parciais, haberá unha avaliación final, a finais de xuño, que suporá a cualificación definitiva do alumnado na materia, facendo tamén a valoración das competencias clave.

As actividades programadas para devandito período adecuaranse ás tres sesións semanais asinadas para cada grupo.

Alumnado coa materia suspensa despois da 3º avaliación parcial

Con este alumnado realizarase un reforzo educativo específico que se baseará na realización de actividades de apoio, reforzo e recuperación. Especificamente realizaranse fichas de traballo complementario que tratarán de reforzar aqueles aspectos máis febles e relevantes para cada curso coas que se pretende orientar ao alumnado de cara a realización da proba de recuperación.

Alumnado coa materia superada

Co alumnado coa materia superada realizaranse actividades de consolidación daquelas partes que consideremos menos asentadas ou de máis relevancia para a continuidade da materia en cursos posteriores, así como actividades de ampliación.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA A ESO

Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación

A nota da terceira avaliación calcularase segundo o procedemento fixado na programación didáctica do Departamento de Inglés para o curso 2021/2022, que é o mesmo para tódolos cursos da ESO. Polo que a nota de cada avaliación parcial responderá á suma das notas acadadas nos seguintes apartados:

- Listening (15% da nota)
- Speaking (15% da nota)
- Reading (20% da nota)
- Writing (10% da nota)
- Grammar (30% da nota)
- Portfolio (10% da nota) Diario de clase, textos escritos etc

Considerarase como alumnado coa 3º avaliación aprobada a aqueles que acaden, nese cálculo, unha nota media igual ou superior ao 5.

Procedemento para acadar a nota final

a) Dada a natureza da materia Inglés, 1ª lingua estranxeira, na que os contidos vistos en cada unidade reaparecen e se van acumulando de xeito que ao final do curso é necesario empregar elementos estudados previamente durante todo o ano, considérase que a avaliación debe ser continua. Polo tanto, a cualificación final do alumnado, tal como se especifica na programación do Departamento de Inglés, será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes a cualificación obtida en cada avaliación.

- 1º trimestre = 20%
- 2º trimestre = 30%
- 3º trimestre = 50%

Considerarase como alumnado coa materia aprobada a aqueles que acaden, nese cálculo, unha nota media igual ou superior ao 5

b) Para aqueles alumnos coa **materia de Inglés aprobada**, no período comprendido entre o 6 de xuño ao 22 de xuño realizaránselle actividades de consolidación e ampliación de contidos. Ofreceráselle a todo o alumnado aprobado que estea interesado en subir a súa nota final provisional a posibilidade de presentarse a unha proba obxectiva que terá carácter voluntario. O resultado desta proba só se terá en conta no caso de que favoreza ó estudante, é dicir, sempre e cando a cualificación obtida neste exame sexa superior á media final provisional do/a alumno/a. Neste suposto, o resultado desta proba pasará a ser a media final no curso para o alumnado que se presentou a ela. No caso de alumnado que obteña neste exame unha cualificación inferior á súa media final provisional, así como no caso de estudantes que opten por non presentarse a esta proba, a súa nota media final provisional será tamén a media final definitiva no curso.

Procedemento para a recuperación da materia suspensa

Aquel alumnado que non teña a materia de Inglés superada no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (6 de xuño ao 22 de xuño), terá que facer unha proba obxectiva baseada nos contidos que se deron ao longo do curso. Como ven sendo habitual nas convocatorias extraordinarias, a proba incluírá grammar, vocabulary, reading comprehension, writing e listening. Para preparar dita proba, realizaranse fichas de traballo para reforzar aqueles aspectos máis febles da materia e orientar ao alumnado de cara á realización da proba de recuperación. **A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.**

A cualificación final obterase aplicando as seguintes porcentaxes ás notas acadadas nas distintas destrezas:

- Listening (20% da nota)
- Reading (20% da nota)
- Writing (20% da nota)
- Grammar (40% da nota)

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA O BACHARELATO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.

Alumnado coa materia suspensa despois da 3º avaliación parcial

Con este alumnado realizarase un reforzo educativo específico que se baseará na realización de actividades de apoio, reforzo e recuperación. Especificamente realizaranse fichas de traballo complementario que tratarán de reforzar aqueles aspectos máis febles e relevantes para cada curso coas que se pretende orientar ao alumnado de cara a realización da proba de recuperación.

Alumnado coa materia superada

Co alumnado que ten a materia superada realizaranse fichas de traballo de consolidación daquelas partes que consideremos menos asentadas ou de máis relevancia para a continuidade da materia así como actividades de ampliación que poidan despertar un maior interese na mesma, sempre e cando o número de sesións neste período o permita.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O 1º CURSO DE BACHARELATO

Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial

No **primeiro curso de bacharelato** a nota da terceira avaliación calcularase segundo o procedemento fixado na programación didáctica do Departamento de Inglés para o curso 2021/2022, .

Polo que a nota de cada avaliación parcial responderá á suma das notas acadadas nos seguintes apartados:

- Listening (10% da nota)
- Speaking (10% da nota)
- Reading (20% da nota)
- Writing (20% da nota))
- Grammar (30% da nota)
- Portfolio (10% da nota) Diario de clase, textos escritos etc

Considerarase como alumnado coa 3º avaliación aprobada a aqueles que acaden, nese cálculo, unha nota media igual ou superior ao 5.

Procedemento para acadar a nota final (1º Bacharelato)

a) Dada a natureza da materia Inglés, 1ª lingua estranxeira, na que os contidos vistos en cada unidade reaparecen e se van acumulando de xeito que ao final do curso é necesario empregar elementos estudados previamente durante todo o ano, considerase que a avaliación debe ser continua. Polo tanto, a cualificación final do alumnado, tal como se especifica na programación do Departamento de Inglés, será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes a cualificación obtida en cada avaliación.

- 1º trimestre = 20%
- 2º trimestre = 30%
- 3º trimestre = 50%

Considerarase como alumnado coa materia aprobada a aqueles que acaden, nese cálculo, unha nota media igual ou superior ao 5.

Procedemento para a recuperación da materia suspensa

Aquel alumnado que non teña a materia de Inglés superada no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (6 de xuño ao 22 de xuño) terá que facer unha proba obxectiva baseada nos contidos que se deron ao longo do curso. Como ven sendo habitual nas convocatorias extraordinarias, a proba incluírá grammar, vocabulary, reading comprehension, writing e listening. Para preparar dita proba, realizaranse fichas de traballo para reforzar aqueles aspectos máis febles da materia e orientar ao alumnado de cara á realización da proba de recuperación. **A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.**

A cualificación final obterase aplicando **as seguintes porcentaxes ás notas acadadas nas distintas destrezas:**

- Listening (20% da nota)
- Reading (20% da nota)
- Writing (20% da nota)
- Grammar (40% da nota)

Considerarase como alumnado coa materia aprobada a aqueles que acaden, nese cálculo, unha nota media igual ou superior ao 5.